

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE XUÑO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00026019Y.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase aprobar as actas correspondentes ás seguintes sesións da Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente de 30 de maio de 2024 e ordinaria de 3 de xuño de 2024.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00020927C.

Licenza para a remodelación interior de dúas vivendas sitas na rúa do Preguntoiro, 28 1ºB e 2ºB.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez presentado na data 29/02/2024, cun orzamento de execución material de 46.850,00 €, a remodelación interior de dúas vivendas sitas na rúa do Preguntoiro, 28 1ºB e 2ºB Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00031621T.

Licenza para o arranxo de muro de peche de finca de cachotería na rúa da Guadalupe,33.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto José Luis Estévez Suárez presentado na data 01/03/2024, cun orzamento de execución material de 4.662,62 €, o arranxo de muro de peche de finca de cachotería na rúa da Guadalupe 33 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00050248C.

Licenza para actuacións de conservación e mantemento, así como aquelas outras destinadas ás melloras de accesibilidade e seguridade do edificio sito na avenida de Xoan XXII, 4.

Acórdase conceder á Xunta de Galicia licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta María González Ferro con selo de entrada no servizo de licenzas-urbanismo de data 22/11/2023., as seguintes actuacións de conservación e mantemento, así como aquelas outras destinadas ás melloras de accesibilidade e seguridade do edificio sito na avenida de Xoan XXII, 4 Santiago de Compostela (A Coruña) CEIP López Ferreiro:

- *Disposición dun itinerario accesible de entrada ao edificio reordenando os niveis (escaleiras e rampas) do acceso posterior dende a rúa dos Xasmíns.*
- *Renovación parcial da impermeabilización da cuberta.*
- *Instalación de ascensor no interior do inmovible (integrado no núcleo de comunicacións vertical).*

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00025426S.

Licenza obra maior de mellora de accesibilidade do edificio sito na rúa de san Clemente, 1

Acórdase conceder á Xunta de Galicia licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e segundo o proxecto básico e de execución achegado na data 05/06/2023 e a documentación complementaria de data 28/02/2024 asinado pola arquitecta María González Ferro, cun orzamento de execución material de 58.234,10

€, a mellora de accesibilidade do edificio sito na rúa de san Clemente,1 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2024/00022609T.

Incoación do procedemento de reintegro parcial da subvención para a rehabilitación concedida á Comunidade de Propietarios Sta. Uxía de Ribeira 2 por Acordo da Xunta de Goberno Local de 06/10/2017 no marco da Fase 7 de Vista Alegre (PV. 2013-2016).

Acórdase:

Primeiro. Iniciar expediente de reintegro parcial da subvención concedida á Comunidade de propietarios Sta. Uxía de Ribeira 2 (H15426786) por Acordo de Xunta de Goberno Local de 06/10/2017 ao incorrer en causa determinante de reintegro parcial da referida subvención (art. 37.1.c da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións), en base aos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expostos.

Segundo. A cantidade a reintegrar ascende a **13.352,20 €** que será incrementada co importe dos intereses legais de demora que correspondan, calculados sobre o importe a reintegrar, desde a data do pagamento da subvención e ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade co disposto no artigo 43 da Lei 6/2011, de 23 de marzo, xeral de subvencións, todo isto sen prexuízo das esixencias das demais responsabilidades ás que puidera dar lugar dito incumprimento.

Terceiro. Dar audiencia á Comunidade de propietarios Sta. Uxía de Ribeira 2 (H15426786) por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte ao da notificación do acordo, ao obxecto de formular alegacións e aportar a documentación que estimen oportuno.

Cuarto. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses desde a data do acordo de inicio.

7. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2024/00012759V.

Solicitud de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) na parcela dotacional EU-2. Edificio de investigación para o IDIS.

Acórdase:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) na parcela dotacional EU-2 (edificio de investigación para o IDIS)*, promovido polo Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 30 e seguintes da LAA).

8. PLANEAMENTO. Referencia: 2024/00020569F.

Aprobación do proxecto da Ordenanza que regula a comunicación ao Concello de Santiago de Compostela dos usos de hospedaxe asimilados a vivenda

Acórdase aprobar o proxecto da “Ordenanza que regula a comunicación ao Concello de Santiago de Compostela dos usos de hospedaxe asimilados a vivenda”.

O documento que se somete a aprobación ten o CSV 15253632303560243437, e vén achegado dunha memoria xustificativa asinada pola Sección de Xestión Urbanística. De conformidade co disposto no artigo 90 do ROM, unha vez exercida a iniciativa normativa pola Xunta de Goberno, deberá remitirse o proxecto aos membros da Comisión Informativa de Urbanismo, para os efectos de que, dentro dos cinco días soltos, presenten as emendas que estimen oportunas. As emendas deberán

presentarse no Rexistro do Pleno e poderán ser de supresión, modificación ou adición; nos dous últimos supostos a emenda deberá conter o texto concreto que se propoña. |

9. EXPROPIACIÓNS. Referencia: 2022/00049455J.

Proxecto de expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM. Estimación recurso de reposición. Alteración catastral parcelas nº 13 e nº 14.

Acórdase: |

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto, de conformidade co acordo de alteración catastral das parcelas nº 13 e nº 14 con efectos desde o 15 de setembro de 2023.

Segundo.- De conformidade coa alteración catastral realizada, rectificar as superficies afectadas e as follas de aprezo das parcelas nº 13 e nº 14 como de seguido se indica:

- **Finca nº 13:** superficie e bens afectados 2.675 m² solo rural forestal; e 97 ud árbore de ribeira mediana, folla de aprezo: 12.976,69 euros.
- **Finca nº 14:** superficie e bens afectados 5.360 m² solo rural forestal; e 213 ud árbore de ribeira mediana, folla de aprezo: 26.158,44 euros.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00052177V.

Declaración de deserto da licitación das Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Enfesta" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña, ao non terse presentado ningunha oferta. |

Acórdase: |

Primeiro.- Declarar deserta a licitación das *Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Enfesta" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña, ao non terse presentado ningunha oferta.*

Segundo.- Anular o gasto autorizado por importe de 102.133,29 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 93303 6320000 (Código de proxecto: 2021 2 PPROV 35 4) co que se ía financiar o contrato. |

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00013392Z.

Prorroga do contrato de prestación dos "Servizos para a xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela (Lote III: Atención ó público)" polo prazo de UN ANO, a contar dende o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025. |

Acórdase: |

Primeiro: Prorrogar o contrato de prestación dos "Servizos para a xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela (Lote III: Atención ó público)" adxudicado a NOR'TINTEGRA, S.L, polo prazo de UN ANO, a contar dende o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto necesario que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 060 33403 2279900 co desglose por anualidades para o 2024 no que existe crédito adecuado e suficiente, e para o 2025 no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, segundo se deriva dos documentos contables RC que se xuntan ao expediente.

- Anualidade 2024: Lote III: 92.356,08 euros.

- Anualidade 2025: Lote III: 92.356,07 euros. |

12. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00024736B.

Aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final das obras de reparación de parte do pano 46 do muro 19 do interior do recinto do Parque de Belvís, en Santiago de Compostela, expedida por ALCOMTE GALICIA, SL, por un importe de 6.298,05 euros, IVE engadido.

Acórdase:

- 1- Aprobar a certificación final das obras de reparación de parte do pano 46 do muro 19 do interior do recinto do Parque de Belvís, en Santiago de Compostela, expedida por ALCOMTE GALICIA, SL, por un importe de 6.298,05 euros, IVE engadido
- 2- Dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da citada certificación final

13. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2024/00024621B.

Crédito extraordinario 2024-CREXT-03 para o pagamento de sentenza VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU PO 304/2017.

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2024-CREXT-03 por importe de **TRESCENTOS SETENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS DEZ EUROS E SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (375.210,65 EUROS)** para atender á execución da sentenza ditada no procedemento ordinario 304/2017 do Xulgado contencioso-administrativo n.º 1 de Santiago de Compostela (EJD 41/2023 CA1-PO 304/2017 CA1 AUTO 05.10.2022), que declara o dereito da empresa Viaqua gestión integral de augas de Galicia SAU a percibir unha compensación polos maiores custes derivados da explotación da ampliación da EDAR de Silvouta ordeada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 25 de novembro do 2016, en base ao determinado na Xunta de Goberno Local do día 27 de maio de 2024.

SEGUNDO: dar traslado ao Pleno da Corporación, previo informe de Intervención e previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO: na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2024-CREXT-03 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2024-CREXT-03 se contra él non se formulase ningunha reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

14. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00025684Q.

OFI 555/2024 ao CX40 para S/2024/73

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de CATRO MIL CENTO NOVENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (4.192,95 €), segundo relación contable de facturas que comeza pola factura número F/2024/1464 por importe de 592,20 euros, e remata pola factura número F/2024/2054 por importe de 1.238,19 euros, todas elas emitidas pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2024/00025681J.

OFI S/2024/72

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de MIL TRINTA E OITO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.038,86 €), segundo relación contable de facturas S/2024/72 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2024/1308 por importe de 238,15 euros e remata pola número F/2024/2049 por importe de 387,76 euros, todas elas expedidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.

16. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00026081E.

Aprobación da solicitude dunha subvención á Dirección General de Transporte Terrestre, e encomenda a TUSSA a recopilación de datos e documentos das empresas que prestan o servizo de transporte público de viaxeiros para elo.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Solicitar perante a Dirección General de Transporte Terrestre dependente do Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible, a subvención pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano conforme ao disposto na Resolución do 1 de xuño de 2023 do Director General de Transporte Terrestre.
SEGUNDO.- Encomendar a Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago ("TUSSA") a recompilación de datos e documentación das empresas operadoras do transporte urbano que cumpran os requisitos da convocatoria, aos efectos de presentar en tempo e forma a solicitude de subvención.

17. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00006176E.

Conceder o Premio de Ensaio, Investigación e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2022, na súa Modalidade Creación Audiovisual a: Dona Rosalía Quiroga Trasorras, por ser a gañadora nesta edición 2022 na modalidade de Creación Audiovisual, polo seu traballo: "Mal olladas" e Aprobar a disposición do gasto, o recoñecemento da obriga e o pagamento derivado da concesión do devandito premio da súa edición 2022

Acórdase conceder o Premio de Ensaio, Investigación e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2022, na súa *Modalidade Creación Audiovisual a: Dona Rosalía Quiroga Trasorras*, por ser a gañadora na edición 2022 na modalidade de Creación Audiovisual, polo seu traballo: "Mal olladas", de conformidade co previsto na base décima segunda que rexe este premio e en base a proposta do xurado do premio Xohana Torres. Edición 2022 na acta de 17/02/2023.

1. Aprobar e comprometer o gasto polo importe de 2.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 23102 4890100/2024 MULLER. OUTRASTRANSFERENCIAS NON NOMINATIVAS do exercicio orzamentario 2024.

2. Aprobar a disposición do gasto, o recoñecemento da obriga e o pagamento derivado da convocatoria do Premio de Ensaio e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2022, na súa *Modalidade Ensaio/Investigación* a favor de:

Dona Rosalía Quiroga Trasorras, por importe de 2.500,00 € coas retencións que legalmente lle sexan de aplicación, por ser a gañadora da edición 2022 coa porcentaxe do 100 % do premio (segundo declaración asinada pola autora) polo seu traballo: “*Mal olladas*”, de conformidade co previsto na base décimo segunda que rexe este premio.

3. Declarar deserto o Premio de Ensaio e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición ano 2022, na súa modalidade de ensaio/investigación

18. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2024/00013343A.

Autorización de uso das hortas urbanas municipais do Parque de Belvís de Arriba.

Acórdase:

Primeiro. Outorgar, de conformidade co disposto na “*Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais constituídas en espazos públicos e do outorgamento das súas autorizacións de uso*” aprobada o día 28 de febreiro de 2008 e publicada no BOP da Coruña do 16 de maio de 2008; e segundo a súa modificación, establecida na Proposta número 25 da Xunta de Goberno Local do 12 de marzo de 2012, a autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque de Belvís de Arriba a 29 persoas usuarias.

19. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2024/00013372D.

Autorización de uso das hortas urbanas municipais do parque de Caramoniña.

Acórdase:

Primeiro. Outorgar, de conformidade co disposto na “*Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais constituídas en espazos públicos e do outorgamento das súas autorizacións de uso*” aprobada o día 28 de febreiro de 2008 e publicada no BOP da Coruña do 16 de maio de 2008; e segundo a súa modificación, establecida na Proposta número 25 da Xunta de Goberno Local do 12 de marzo de 2012, a autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque de Caramoniña a 21 persoas usuarias.

Segundo. Aprobar a lista de agarda da autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque de Caramoniña a 9 persoas usuarias.

20. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00018636Y.

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española de data 31/05/2024 pola contía de 100.000 € para o financiamento do Programa: “SEMUS COMPOSTELA (Servicio Municipal de Urgencias Sociais)”

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española de data 31/05/2024 pola contía de 100.000 € para o financiamento do Programa: “SEMUS COMPOSTELA (Servicio Municipal de Urgencias Sociais)”

21. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00018222Y.

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española de data 31/05/2024 para o financiamento dos Programas: 1. “Teleasistencia 2. Programa de Atención a persoas sen fogar” pola contía de 85.000 €.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española de data 31/05/2024 para o financiamento dos Programas: 1. “Teleasistencia 2. Programa de Atención a persoas sen fogar” pola contía de OITENTA E CINCO MIL EUROS (85.000,00 €).

22. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00020599Z.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental, pola contía de 6.000,00 €

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental, pola contía de 6.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800002, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024 (artigos 31, 32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

23. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00021798V.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración, Crónicas o Terminales pola contía de 3.000,00 €

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración, Crónicas o Terminales con CIF: G70058961 pola contía de 3.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800018, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024-artigos 31, 32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII.

24. DEPORTES. Referencia: 2024/00020375C.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Gallega de Judo y Disciplinas Asociadas, ano 2024.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 5 de xuño de 2024, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e FEDERACIÓN GALLEGA DE JUDO Y DISCIPLINAS ASOCIADAS para o ano 2024.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013593T.

Tomar coñecemento do Decreto ditado no PA 169/2024 CA1. Desestimación por silencio administrativo da solicitude de rectificación da autoliquidación en concepto de IVTNU)

Resolución: Decreto 18/2024, de 6.05.2024, do Xulgado do Contencioso administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 169/2024

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da solicitude de rectificación da autoliquidación de 7.05.2018 en concepto de Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terresos de Natureza Urbana (IVTNU) relativo á transmisión dunha finca.

O decreto ten por desistida á parte demandante á vista de que o Concello, tras a presentación da demanda contencioso-administrativa, resolveu expresamente a solicitude —Decreto do concelleiro delegado de Economía e Facenda de 1.02.2024—, acordando a devolución dos ingresos indebidos e máis os xuros de demora, en aplicación da doutrina contida na STC 182/2021 de 26 de outubro.

A resolución procesual é firme, segundo a dilixencia de ordenación de 27.05.2024,

polo que non procede a interposición de recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución procesual.
2. Remitir á Tesourería municipal (Xestión Tributaria) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013587V.

Tomar coñecemento do Decreto ditado no PA 173/2024 CA1. Desestimación por silencio administrativo da solicitude de rectificación da autoliquidación IVTNU

Resolución: Decreto 20/2024, de 6.05.2024, do Xulgado do Contencioso administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 173/2024

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da solicitude de rectificación da autoliquidación de 7.05.2018 en concepto de Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IVTNU) relativo á transmisión dunha finca.

O decreto ten por desistida á parte demandante á visa de que o Concello, tras a presentación da demanda contencioso-administrativa, resolveu expresamente a solicitude —Decreto do concelleiro delegado de Economía e Facenda de 1.02.2024—, acordando a devolución dos ingresos indebidos e máis os xuros de demora, en aplicación da doutrina contida na STC 182/2021 de 26 de outubro.

A resolución procesual é firme, segundo a dilixencia de ordenación de 24.05.2024, polo que non procede a interposición de recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución procesual
2. Remitir á Tesourería municipal (Xestión Tributaria) para o seu coñecemento e efectos oportunos

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013583J.

Tomar coñecemento do Decreto ditado no PA 175/2024 CA1. Desestimación por silencio administrativo da solicitude de rectificación da autoliquidación IVTNU

Resolución: Decreto 19/2024, de 6.05.2024, do Xulgado do Contencioso administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 175/2024

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da solicitude de rectificación da autoliquidación de 7.05.2018 en concepto de Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IVTNU) relativo á transmisión dunha finca.

O decreto ten por desistida á parte demandante á visa de que o Concello, tras a presentación da demanda contencioso-administrativa, resolveu expresamente a solicitude —Decreto do concelleiro delegado de Economía e Facenda de 1.02.2024—, acordando a devolución dos ingresos indebidos e máis os xuros de demora, en aplicación da doutrina contida na STC 182/2021 de 26 de outubro.

A resolución procesual é firme, segundo o oficio do Xulgado de 23.05.2024, polo que non procede a interposición de recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución procesual.
2. Remitir á Tesourería municipal (Xestión Tributaria) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00013580X.

Tomar coñecemento do Auto ditado no PA 173/2024 CA2. Desestimación por silencio administrativo da solicitude de rectificación da autoliquidación IVTNU

Resolución: Auto 69/2024, de 18.04.2024, do Xulgado do Contencioso-administrativo



CONCELLO DE SANTIAGO

núm. 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 173/2024

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da solicitude de rectificación da autoliquidación de 7.05.2018 en concepto de Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IVTNU) relativo á transmisión de dous inmobles.

O auto declarou terminado o procedemento xudicial po recoñecemento das pretensións na vía administrativa, toda vez que, tras a presentación da demanda, o ditouse o Decreto do concelleiro delegado de Economía e Facenda de 1.02.2024 acordando a devolución dos ingresos indebidos e máis os xuros de demora, en aplicación da doutrina contida na STC 182/2021 de 26 de outubro.

A resolución é firme, segundo a dilixencia de ordenación de 3.06.2024, polo que non procede a interposición de recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución procesual
2. Remitir á Tesourería municipal (Xestión Tributaria) para o seu coñecemento e efectos oportunos

29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00047995K.

Tomar coñecemento do Decreto referente ao PA 431/2023 CA2. Sanción tráfico

Resolución: Decreto nº 45/2024 do 30.05.2024

Procedemento: procedemento Abreviado 431/2023 do Xulgado Contencioso

Administrativo nº 2

Obxecto: Impugnación de sanción de tráfico

Contía: 30 euros

O Decreto ten por desistida á demandante e declara a terminación do procedemento. Contra este Decreto cabe interpoñer recurso de revisión, sen perxuízo do cal levarase a efecto a resolución recorrida.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de para os efectos do seu coñecemento

30. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00026019Y.

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 31 de maio e o 6 de xuño de 2024.

ASUNTOS DE URXENCIA

31. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051382N.

Prórroga do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios, polo prazo de un ano a contar desde o 15 de xuño de 2024 ata o 14 de xuño de 2025 e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios, propiedade de D. Dna. Pilar Caridad Rivas Fernández, polo prazo de un ano a contar desde o 15 de xuño de 2024 ata o 14 de xuño de 2025 ao non dispoñer neste momento o Concello de locais propios adecuados nos que radicar esta oficina.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 15 de xuño de 2006, na súa cláusula segunda establece que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (maio de 2023 ata maio de 2024), a renda definitiva a partir de 15 de xuño de 2024 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de maio de 2024. Para o mes de xuño de 2024 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 975,79 € mais IVE (1.180,71 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 14.168,52 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2024 (15/06/2024 ata 31/12/2024): 7.713,97 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 14/06/2025):6.454,55 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

32. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051731Q.

Prorroga do contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios, polo prazo dun ano a contar desde o 15 de xuño de 2024 ata o 14 de xuño de 2025.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios, propiedade de D. Manuel Santos Santos, polo prazo dun ano a contar desde o 15 de xuño de 2024 ata o 14 de xuño de 2025 ao non dispoñer neste momento o Concello de locais propios adecuados nos que radicar esta oficina.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 15 de xuño de 2006, na súa cláusula segunda establece que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (maio de 2023 ata maio de 2024), a renda definitiva a partir de 15 de xuño de 2024 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de maio de 2024. Para o mes de xuño de 2024 satisfarase a renda actual por importe mensual de 869,31 € mais IVE (1.051,87 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 12.622,44 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Anualidade 2024 (15/06/2024 ata 31/12/2024): 6.872,22 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 14/06/2025): 5.750,22 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de maio de 2024 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 15 de xuño de 2024, dando conta a Xunta de Goberno, a Intervención Municipal e a oficina Orzamentaria e Contabilidade)

33. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00001597C.

Dar conta a Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos, propiedade de D. José Luís Romero García, casado en réxime de gananciais con Dna. Marisol Lamas Suárez, e D. Antonio Lamas Señarís e Dna. Josefa Suárez Suárez, casados en réxime de gananciais respectivamente, polo prazo de un ano a contar desde o 1 de maio de 2024 ata o 30 de abril de 2025.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 12-xuño-2007, na súa cláusula segunda estableceuse que a partir do ano 2009 o prezo de alugamento incrementarase conforme á variación do IPC dos últimos doce meses, polo que proponse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (abril de 2023 ata abril de 2024). A renda definitiva a partir do 1 de maio de 2024 fixarase unha vez sexa publicado o IPC do mes de abril de 2024.

Para o mes de maio de 2024 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 874,81 € mais IVE (total: 1.058,52 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 12.702,24 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS, dos seguintes exercicios:

Anualidade 2024 (01/05/2024 ata 31/12/2024): 8.468,16 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 30/04/2025): 4.234,08 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de abril de 2024 efectuarase a revisión correspondente con efectos dende o 1 de maio de 2024, dando conta a Xunta de Goberno e aos servizos económicos (Intervención municipal, Tesourería Municipal e oficina Orzamentaria e Contabilidade).

34. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2022/00054740P.

Indemnización de gastos de representación e defensa xudicial nas actuacións instruídas no no procedemento Dilixencias Previas 972/2011 do Xulgado de Instrucción nº 1 de Lugo.

Acórdase:

Primeiro.- Recoñecer o principio de indemnidade sobre gastos de representación e defensa xudicial nas actuacións instruídas no marco das Dilixencias Previas 972/2011, do Xulgado de Instrucción nº 1 de Lugo.


Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos de representación letrada por un importe total de 46.284,70 €, ao que corresponden por IVE a cantidade de 9.719,79 € que no seu conxunto suma a cantidade total de CINCUENTA E SEIS MIL CATRO EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (56.004,49€) a aboar á letrada.

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos de procuradora por importe total de 2.500,00 euros, ao que corresponden por IVE a cantidade de 525,00 euros, que no seu conxunto suma a cantidade total de TRES MIL VINTE E CINCO EUROS (3.025,00 €), a aboar aos procuradores.

35. DEPORTES. Referencia: 2024/00026440J.

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria de cesión de usos das instalacións deportivas municipais para actividades deportivas (adestramentos) e actividades físicas durante a tempada 2024/25.

Acórdase aprobar as bases reguladoras da convocatoria de cesión de usos das Instalacións deportivas municipais para actividades deportivas (adestramentos) e



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

actividades físicas durante a tempada 2024/25.